



Expediente Xestiona 1793/2019

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UNHA PRAZA DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, DENTRO DO PLAN OBRAS E SERVIZOS 2019 CORRESPONDENTE A LIÑA 3 :EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.-

1.- Obxecto.-

O Concello de Baiona en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra a través do denominado Plan de Cooperación as obras e servizos Plan Concellos 2019 na súa Liña 3: Emprego para a Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais. realiza oferta de contratación temporal, en réxime laboral de **UNHA PRAZA** no grupo profesional de **PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES**, para a realización do programa Actívate 2019 para a realización das seguintes: “Tarefas de apoio a realización de montaxe e desmontaxe de escenarios, tarimas e infraestruturas non estables para a realización de actividades socioculturais e deportivas”; Xustificada pola intensa actividade cultural, social e deportiva que desenvolve o concello de Baiona na temporada estival o que deriva nun aumento da carga de traballo que excede da normal actividade do concello, consonte o informe xustificativo da necesidade da contratación que obra no expediente electrónico de referencia (Expediente Xestiona1793/2019).

2.- Tipo de contrato.-Contrato laboral de duración determinada baixo a modalidade de contrato por acumulación de tarefas recollido no art 15. b) do RD lexislativo de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido Estatuto dos Traballadores e o RD2720/1998 art.3 de 18 de decembro , polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada , o cal estará suxeito a normativa de incompatibilidades prevista para os empregados e empregadas publicos da Ley 53/84 de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.

3.- Tempo do contrato e xornada de traballo.- A duración do contrato será de DOUS MESES contados a partir da sinatura do contrato e tendo como data límite de finalización o 31/12/2019. Sendo a tempo completo por 35 horas semanais de luns a domingo en xornada de mañá e/ou tarde cos descansos legais preceptivos.

4.- Prazas.- UNHA prazas no grupo profesional de **PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES**, enmarcados dentro do Plan Concellos 2019. Liña 3 “ Emprego para a conservación de bens e Servizos Municipais”.

6.-Requisitos dos/as aspirantes.- Para tomar parte na selección será preciso cumpri-los requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:





- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b) Ter cumprido dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- e) Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Baiona, os/as aspirantes seleccionados/as comprométense a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

- a) Estar inscrito na oficina de Baiona do Servicio Público de Empleo de Galicia nos códigos de ocupación 71911012-MANTENEDORES DE EDIFICIOS e **figurar no listado de sondaxe público emitido por dito organismo, previa solicitude do mesmo polo concello de Baiona.**





7.- Prazo de presentación de solicitudes e documentación.- As solicitudes poderán presentarse:

As solicitudes poderán presentarse no modelo de instancia unida a estas Bases no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas durante o prazo de **cinco días hábiles** a contar dende a data de entrega de ditas bases dos aspirantes debidamente convocados polo servizo público de emprego , rematado o prazo publicarase de listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos , dándose un prazo de dous días hábiles para no seu caso de corrección de erros e publicándose o finalizar dito prazo o listado de aspirantes definitivos admitidos e excluídos e a data de realización da proba

Dita publicación se realizará na páxina web institucional do concello www.baiona.org, no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica.

Ademais farase constar cos resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, exporase nos locais onde se celebrou o exercicio anterior e/ou na páxina web do Concello ou Taboleiro de edictos/sede electrónica, ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos, na páxina web do Concello e na sede electrónica.

A documentación que deberán presentar os/as aspirantes a este proceso será o modelo de instancia debidamente cuberta xunto ca seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do D.N.I.
- b) Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente. (recollida xa na instancia)
- c) Acreditación documental dos criterios de inserción socio-laborais.

8.- Tribunal Cualificador.

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.





En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que no cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

- 1) **Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.
- 2) **Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.
- 3) **Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

Os integrantes do Tribunal serán designados polo concello de Baiona, e a súa composición farase pública na mesma Resolución pola que se aproba a lista de aspirantes admitidos e excluídos.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido na Lei 40/2015

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do sector público.





9.- Procedemento de selección.-

O proceso de selección (**CONCURSO-OPOSICIÓN**) constará das seguintes fases:

Fase A.- oposición.- Consistirá na realización de tres probas prácticas Puntuación máxima 20 puntos (realización de dúas probas).

.-Primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: puntuación máxima 10 punto: Consistirá en desenvolver nun tempo máximo de 30 minutos un cuestionario de 10 preguntas tipo test con catro respostas alternativas , das que só unha será a correcta de acordo co Programa que figura no Anexo I desta convocatoria . Este exercicio é eliminatorio e valorarase ata un máximo de 10 puntos , sendo excluídos os participantes que non acaden un mínimo de 5 puntos. As preguntas correctamente contestadas se valorarán con 1 punto , e as respostas erróneas ou non contestadas puntuarán negativamente 0,25 puntos , e dicir minorarán as respostas correctamente contestadas.

.-Segundo exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: puntuación máxima 10 punto:

Consistirá nunha proba de carácter práctico relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación das competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación os postos de traballo terá unha valoración de 10 puntos como máximo sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala.

.- Terceiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio : Coñecemento da lingua galega

Consistirá na tradución directa do Castelán o galego dun texto proposto polo tribunal cualificador sen axuda de dicionario. Esta proba ten unha duración máxima de 30 minutos e os aspirantes serán cualificados como apto ou non apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

Consonte o establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia estarán exentos da realización dunha proba específica de galego os aspirantes que acrediten posuír no día da finalización do prazo de presentación das instancias o CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Fase B.- Concurso.-Puntuación máxima 4 puntos.

Consistirá nunha valoración de criterios de inserción socio-laboral, con un máximo de 4 puntos

O Tribunal aplicará, con carácter preferente, os criterios de inserción sociolaboral incluídos nas Bases da convocatoria do Plan Concellos 2019 Liñas 2 e 3 (publicadas no BOPPO nº 2 de Martes 18/12/2018) e os criterios sinalados dentro das políticas activas de emprego do artigo 30 do Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de Emprego (BOE nº 255 de Sábado 29 de outubro de 2015)





Para a súa acreditación, será necesario presentar a documentación probatoria oportuna así coma informes elaborados por técnicos/as das diferentes administracións con competencias nestas áreas.

A valoración destes criterios, que teñen carácter acumulativo tendo como **límite o recollido na puntuación máxima**, se realizará en función do seguinte baremo:

1.- Pertencer a un colectivos seguintes: vítima de violencia de xénero: 1 punto

O criterio de muller vítima de violencia de xénero (de se-lo caso) se acreditará consonte a seguinte documentación:

- Fotocopia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servicios sociais, sanitarios da administración pública, autonómicos o locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

2.- Pertencer a un colectivos seguintes: ter máis de 45 anos. 1,5 puntos

O criterio de ser maior de 45 anos(de selo-caso) se acreditará na fotocopia do DNI

3.- Pertencer a un colectivos seguintes: familia monoparental con fillos o seu cargo: 1,25 puntos

O criterio de ser familia monoparental con fillos a cargo,se acreditará con fotocopia do libro de familia

4.-Ingresos da Unidade Familiar (tódolos conviventes da unidade) : máximo 1 punto

Os ingresos da Unidade Familiar acreditaranse mediante certificado da declaración do IRPF do último exercicio fiscal (2017). Casillas 389 e 405 de la Declaración de la Renda do exercicio 2017

No suposto de non ter obriga de presentar declaración, presentarse certificado de Facenda non estar obrigado a presentala.

A formula para o cálculo dos ingresos da unidade familiar de cada candidato/a ao posto de traballo, dividirse entre o número de persoas que forman a unidade de convivencia en cómputo mensual, aplicarse o seguinte baremo calculado sobre o importe do IPREM en vigor

INGRESOS MES	PUNTOS
MEMBRO UNIDADE CONVIVENCIA	
0	1
64,53	0,9





129,06	0,8
193,59	0,7
258,12	0,6
322,65	0,5
387,18	0,4
451,71	0,3
516,24	0,2
580,77	0,1
645,3	0

5.- Por cargas familiares: máximo 0,9 puntos

A valoración destes criterios, que teñen carácter acumulativo tendo como límite o recollido na puntuación máxima, se realizará en función do seguinte baremo:

	Puntuación
por cada menor de idade convivinte, mais de 6 meses nun período de 12 meses, ou maior de idade ata 26 anos.	0,10
por cada menor de idade convivinte orfo ou orfa absoluto	0,50
por situación de acollemento legal por cada menor	0,20
por cada persoa cualificada legalmente como discapacitada, grao igual ou superior ó 33%	0,30
por cada persoa cualificada legalmente como discapacitada, grao igual ou superior ó 65%	0,50
por cargas familiares non compartidas (persoa principal viúvo ou viúva, solteiro ou solteira (sen convivencia co proxenitor do menor), separado ou separada, divorciado ou divorciada)	0,50

Estas circunstancias acreditaranse, de se-lo caso, mediante:

- Fotocopia do libro de familia.
- Certificado de minusvalía do convivente a cargo.
- Resolución administrativa de recoñecemento do acollemento.
- Volante de convivencia (recabarase de oficio polo concello en caso dos aspirantes que esten empadronados en Baiona)

6.- Por non ter sido contratado nos seguintes termos: máximo de 0,50 puntos

- Non ter sido contratado nos últimos doce meses: 0,50 puntos
- Non ter sido contratado máis dun mes nos últimos doce meses: 0,30 puntos
- Non ter sido contrato máis de dous meses nos últimos doce meses: 0,20

Dita circunstancia acreditarase mediante a presentación da vida laboral.

No caso de empate na puntuación obtida trala suma da fase de oposición e concurso daráselle preferencia a aqueles que non foran contratados polo Concello no ano 2017 e no 2018. E de persistir o empate a favor daquel que menos tempo, no seu caso, traballara para o Concello.

10.- Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato.-

Rematada a valoración dos méritos o tribunal formulará unha proposta completa dos/as





aspirantes con maior puntuación obtida á Alcaldía ó obxecto de que por esta se proceda á contratación.

11. Retribucións.-

Será a recollida no Convenio Provincial do Sector da Construción da Provincia de Pontevedra (publicado no BOPPO Nº 50 de 12 de marzo.2019 coa taboa actualizada a 2019) , incluída a parte proporcional de pagas extra, **o que supón un importe bruto de 1.466,44 euros/mes**

12 Reclamacións e recursos.-

As aclaracións e/ou revisións das calificacións otorgadas polo Tribunal calificador se solicitarán por escrito ó mesmo.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia

13 Réximen Xurídico O réximen xurídico destas Bases será o contido na LBRL (art 91.2, e art. 103) LMRFP (art 19.1) TRRL (art 177) Lei 5/1997 de 22 de xuño de administración local de Galicia (arts 231 a 250) no artigos 60 e 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público. , no artigo 27,49 a 59, o 63 e o 205 da Lei 2/2015 de Emprego público de Galicia o TRET , o Real Decreto Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, por el que se establecen las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración Local e as Bases Reguladora do Plan Concellos 2019 Liñas 2 e 3 (publicadas no BOPPO nº 242 de Martes 18 de decembro de 2018)

TEMARIO :- Anexo I

Tema 1.- Nocións básicas de mantemento e reparación de edificios, instalacións, espazos e vías públicas

Tema 2 .- Funcións e tarefas do operario de obras e servizos municipais. A cuadrilla de obra: organización, categorías e funcións dos seus compoñentes.

Tema 3. – Maquinaria e ferramenta de uso habitual utilizada polas Brigadas de Vías e Obras

Tema 4.- Nocións xerais de electricidade

Tema 5.- Nocións xerais de fontanería

Tema 6 .- Nocións xerais de pintura.

Tema 7 .- Nocións xerais de albanelería

Tema 8.-Reparación de pequenas avarías e desperfectos

Tema 9 .-Seguridade e hixiene no traballo

Tema 10.- E quipos de Protección Individual (EPIs): Uniformidade, elementos de hixiene, elementos de seguridade no uso da maquinaria.





INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UNHA PRAZA DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, DENTRO DO PLAN OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2019 CORRESPONDENTE A LIÑA 3 :EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.-

NOMEAPELIDOS.....
DNI
ENDEREZO:
Rúa n.º.....
Localidade.....C.P.....
TELÉFONO.....
Correo electrónico:.....

Por medio do presente declara:

1. Que coñezo e acepto íntegramente o contido das bases de convocatoria destas prazas (que me foron entregadas persoalmente), cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen, incluíndo expresamente:
 - Que estou desempleado/a.
 - Que estou inscrito/a no servizo público de emprego de Galicia, como demandante non ocupado/a.
 - Que estou dispoñible para o emprego
2. Que non me atopo incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
3. Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores
2. Que non padezo ningunha enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das tarefas propias do posto ao que opto.
3. Que me fago responsable da veracidade dos datos recollidos na documentación que achego.
4. Autorízase expresamente ao Concello a obtención do volante de convivencia da unidade familiar.

DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO A PRESENTE SOLICITUDE

- 1.-A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- 2.-Fotocopia compulsada do D.N.I.
- 3.-Documentación xustificativa dos criterios socio-laborais de inserción.





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

Baiona, a de de 2019

Asdo.-

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA.

O Alcalde-Presidente.- Carlos Gómez Prado
Baiona na data que figura ao marxe deste documento asinado electrónicamente



Cod. Validación: 3THGE6H464NWNUNSAHLJHCS | Corrección: <http://baiona.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xesiona esPublico | Páxina 10 a 10